

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DENEGA A SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS

ANTECEDENTES

1. O Departamento Territorial na Coruña da Consellería do Mar ditou resolución o 30 de abril de 2025 pola que acordou modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial da súa competencia, ampliando o período de extracción ata **o 31 de maio de 2025, entre as 7:00 e as 20:00 horas;** respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.
2. O 26 de maio de 2025 a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX) presentou un escrito no que solicita nova ampliación do período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais de Galicia ata o 30 de xuño do 2025. Na solicitude xustifican que as restricións impostas pola Consellería do Mar para a extracción da mexilla en moitas das mellores zonas de extracción da costa de Galicia e os temporais padecidos nas últimas semanas, provocaron que algúns socios das asociacións pertencentes a FEMEX aínda non puideron finalizar a recollida da mesma para as súas explotacións.
3. Aos efectos de valorar a solicitude presentada, o 27 de maio de 2025 dende o Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura solicítase ás asociacións profesionais do sector do mexillón a seguinte documentación:
 - Número e nome das bateas afectadas por esta situación
 - Cantidades necesarias para cubrir as necesidades de cada batea
 - Proposta de zonas a acceder, sempre que estean autorizadas
4. A Organización de Produtores del Mexillón de Galicia (OPMEGA), AIMEX, a Asociación de Mexilloeiros Illa de Arousa, PROMAR e a Asociación de Mejilloneros La Gorma, presentaron a documentación requirida.





5. O 4 de xuño de 2025 o subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura informan desfavorablemente a solicitude de modificación do período de extracción de semente de mexillón ata o 30 de xuño de 2025.


CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.
2. A Orde do 26 de outubro do 2000 regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, establecendo, no seu artigo 4, como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.
3. A disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a dirección territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados.
4. O 4 de xuño de 2025 o subdirector xeral de Acuicultura e o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura informan desfavorablemente a solicitude de ampliación do período de extracción de semente de mexillón ata o 30 de xuño de 2025, tendo en conta o número de bateas con necesidades de semente; unicamente 22 viveiros, segundo indican as asociacións profesionais de mexilloeiros.

Asemade, engaden no dito informe de que "de acordo co artigo 36 do Decreto 406/1996, de 7 de novembro, ata o 30 de setembro os produtores poderán dispoñer de 100 cordas colectoras adicionais sobre as legalmente autorizadas, e 50 cordas extra autorizadas por Resolución do 11.03.2025 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. En total, durante o período para o que se solicita a ampliación, os produtores poderán colocar 150 cordas adicionais para captación de mexilla."

5. Consultado o visor de larvas, obsérvase que os últimos desoves de mexillón son recentes; en consecuencia, os bancos encóntranse con cohortes de exemplares de tamaños iniciais, existindo alta probabilidade de que nestas datas se produza unha nova fixación da posta de principios de maio, que foi de menor intensidade.





Por conseguinte, tendo en conta que o número de bateas que non finalizaron a colocación de semente de mexillón nas súas cordas non alcanza o 1% do número de viveiros en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, que a ampliación do prazo de recollida de semente de mexillón en bancos naturais pode prexudicar ás novas fixacións e, polo tanto, á existencia de semente para abastecer os viveiros no próximo período de extracción e, finalmente, dado que existen outras formas de captación de semente de mexillón para abastecer as bateas con necesidade da mesma, este departamento territorial considera que ás características desta campaña e o seguimento e evolución dos recursos non aconsella unha nova modificación do período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais.

De acordo coa disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 esta Dirección Territorial é competente para ditar esta resolución.

En base ao exposto,

RESOLVO

Denegar a solicitude de ampliación, ata o 30 de xuño de 2025, do período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais no ámbito territorial de competencia deste departamento.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

A directora territorial

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

